

PROGRAMA

# ignicia

TRANSFERENCIA  
DE COÑECEMENTO



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo  
2027

# TÁBOA DE CONTIDOS

## 1. O PROGRAMA IGNICIA

---

## 2. PROXECTOS NOVOS

---

|                 |   |
|-----------------|---|
| › ZINCAGE       | 5 |
| › SIRNA         | 5 |
| › NANO-ARN      | 6 |
| › IAQIA3        | 7 |
| › SENPAD        | 7 |
| › ORALREGENERIX | 8 |
| › L3DO          | 8 |
| › COLOSUS       | 9 |
| › QRYPTION      | 9 |

## 3. PROXECTOS EN EXECUCIÓN DE ANTERIORES CONVOCATORIAS

---

|                 |    |
|-----------------|----|
| › RUCSC         | 11 |
| › TRAFFIKGENE   | 11 |
| › CANTHER       | 12 |
| › TARGET-OA     | 12 |
| › EDGECONTINUUM | 13 |
| › SURFACORN     | 13 |
| › ECOBONE       | 14 |
| › FRONTIER      | 14 |
| › ECOFROST_B    | 15 |

|             |    |
|-------------|----|
| › GOTIS_IL  | 15 |
| › PRETENACC | 16 |
| › MYTUNISEX | 16 |

## 3. PROXECTOS FINALIZADOS

---

|               |    |
|---------------|----|
| › ONCOMETA    | 18 |
| › XHS         | 18 |
| › UBISMART    | 19 |
| › MATPRINT    | 19 |
| › FACEIDNN    | 20 |
| › INVERBIS    | 20 |
| › INDEST      | 21 |
| › FLUOROTOOLS | 21 |
| › NANOEVERS   | 22 |
| › CELIA       | 22 |
| › SENSE_UAV   | 23 |
| › BIOFAST     | 23 |
| › AIDFORK     | 24 |
| › KIT-DITIBA  | 24 |
| › ACE         | 25 |
| › ITDP        | 26 |

## O PROGRAMA IGNICIA

O programa IGNICIA é un dos principais instrumentos da Xunta de Galicia para facilitar a transferencia dos resultados de investigación á sociedade. Coa convocatoria de Proba de Concepto búscase potenciar a valorización do coñecemento dos centros de I+D+i galegos, impulsando a creación de novas spin-off e acordos de comercialización da tecnoloxía xerada en Galicia.

A través deste programa, desde a primeira convocatoria no 2016, lévanse apoiados 41 proxectos:





XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo  
2027

9

# PROXECTOS NOVOS



XUNTA  
DE GALICIA



**ZINCAGE**

5ª EDICIÓN  
SANTIAGO DE COMPOSTELA




**503.550 €**

Electrolito Acuoso Supramolecular para Baterías Avanzadas de Zinc-Bromo.

FUTURA **SPIN-OFF**

ZinCAGE desenvolve **solucións avanzadas de almacenamento enerxético baseadas en baterías de zinc-bromo para aplicacións estacionarias**. A iniciativa céntrase nun electrolito acuoso supramolecular patentado capaz de estabilizar unha especie redox clave, mellorando a eficiencia e estabilidade do sistema. Esta aproximación permite eliminar axentes complexantes custosos e reducir procesos de degradación como a formación de dendritas. O proxecto inclúe o deseño e validación de prototipos de batería con vistas ao seu escalado tecnolóxico e transferencia ao mercado mediante a creación dunha spin-off.



**SIRNA**

5ª EDICIÓN  
SANTIAGO DE COMPOSTELA



**438.500 €**


siRNA como terapia para Carcinomas Anaplásicos e Indiferenciados

FUTURA **LICENZA**

O proxecto siRNA busca desenvolver un **novo medicamento dirixido aos cancros máis agresivos e letais**, como o carcinoma anaplásico da glándula tiroide e outros tumores indiferenciados. A terapia baséase en pequenas moléculas de ARN (siRNA) que actúan como un "interruptor" capaz de matar as células tumorais sen danar o tecido san. Grazas ao apoio do programa IGNICIA, queren converter os seus resultados de investigación nunha terapia que poida chegar aos pacientes mediante un acordo de licenza coa industria farmacéutica.



XUNTA  
DE GALICIA



**NANO-ARN**

5ª EDICIÓN  
SANTIAGO



**585.000 €**

Plataforma nanotecnolóxica de ARN: reprogramación celular e tratamento.

**FUTURA SPIN-OFF**

Nano-ARN ten como obxectivo **valorizar unha nova nanotecnoloxía farmacéutica orientada á transfección de células primarias e ao desenvolvemento de terapias autoinmunes baseadas en ARN**. Responde a unha necesidade crítica non cuberta polos reactivos comerciais actuais, ao permitir transfeccións con alta eficiencia e baixa toxicidade, esenciais para o desenvolvemento de terapias celulares como as CAR-T. O proxecto sitúase na vangarda das terapias baseadas en ARN e das terapias celulares, achegando o gran potencial da nanotecnoloxía para superar barreiras biolóxicas e acceder a células que actualmente son difíciles de abordar. A comercialización prevese a través dunha nova spin-off, que liderará o desenvolvemento de produto, a produción a escala e o establecemento de alianzas estratéxicas.





Universidade de Vigo

»» **IAQIA3** | 5ª EDICIÓN  
VIGO

»» **389.596 €**

Monitorización da Calidade do Aire Interior e Representación 3D con Intelixencia Artificial.

FUTURA **SPIN-OFF**

Este proxecto ten como obxectivo principal levar ao mercado unha **solución innovadora de algoritmos de Intelixencia Artificial (IA) que permiten a monitorización e modelaxe 4D da calidade do aire interior** mediante dispositivos de baixo custo, alta autonomía e comunicación autónoma. Esta tecnoloxía posibilitará a modelaxe tridimensional en tempo real de parámetros ambientais, optimizando a ventilación, a eficiencia enerxética e a saúde ambiental en edificios de todo tipo.



Universidade de Vigo

»» **SENPAD** | 5ª EDICIÓN  
VIGO

»» **381.500 €**

Péptidos senoterapéuticos para el tratamiento de la artrosis (OA).

FUTURA **SPIN-OFF**

Este proxecto propón un **enfoque terapéutico único para o tratamento da artrose (OA), mediante péptidos terapéuticos** deseñados para ir máis aló do alivio sintomático e modificar activamente a progresión da enfermidade. O núcleo da solución baséase en péptidos especificamente deseñados para se dirixir a determinados dominios da conexina 43 (Cx43), unha proteína implicada no avance da OA a través da activación de procesos de senescencia celular e inflamación que provocan a degradación da cartilaxe e a dexeneración articular.



»» **ORALREGENERIX** | 5ª EDICIÓN  
A CORUÑA

»» **421.000 €**

In-Clinic Oral Tissue Regeneration Using Handheld  
Bioprinting Technology.

FUTURA **SPIN-OFF**

É unha iniciativa que busca crear unha spin-off tecnolóxica dedicada ao desenvolvemento de **solucións innovadoras para a rexeneración de tecidos orais**. O seu obxectivo é ofrecer novas alternativas terapéuticas que permitan reparar de forma máis eficaz os danos en enxiva e óso causados por enfermidades, traumatismos ou intervencións cirúrxicas. A través de tecnoloxías avanzadas de medicina rexenerativa, o proxecto aspira a mellorar a recuperación e a calidade de vida dos pacientes. Ademais, pretende impulsar a transferencia de coñecemento dende a investigación cara á práctica clínica, xerando innovación e emprego cualificado no sector biomédico.



»» **L3DO** | 5ª EDICIÓN  
O PORRIÑO

»» **461.900 €**

Impresora 3D Asistida por Láser Para Materiais de Altas  
Prestacións.

FUTURA **SPIN-OFF**

Este proxecto permitirá a **comercialización da primeira impresora 3D industrial asistida por láser para o fabricación de pezas estruturais** (de ata 0,5 m) con materiais termoplásticos estruturais e composites lixeiros de altas prestacións. L3DO diríxese a sectores onde a impresión 3D destes materiais ten unha alta demanda, como o aeroespacial, a defensa, a automoción, a ortese e outros. Para iso, promoverase a creación dunha spin-off que explotará a venda de equipos de impresión 3D industrial.





XUNTA  
DE GALICIA



aimen  
CENTRO TECNOLÓGICO



COLOSUS

5ª EDICIÓN  
O PORRIÑO



432.787,5 €

Sensor Óptico de Detección de Coliformes.

FUTURA **SPIN-OFF**

Este proxecto **permitirá a transferencia dun sensor óptico avanzado, baseado en fluorescencia, para a detección rápida de E. coli en auga potable ou rexenerada.** A diferenza dos métodos convencionais, ofrece resultados fiables nun minuto. Incorpora un software intuitivo e aprendizaxe automática que reforzan a súa robustez e adaptabilidade a distintas matrices de auga. É portátil e integrable como sistema de alerta temperá en plantas de tratamento.



gradient



QRYPTION

5ª EDICIÓN  
VIGO



461.900 €

Agile Cryptography for the Quantum Era.

FUTURA **SPIN-OFF**

**Solución tecnolóxica avanzada de criptografía financeira** desenvolvida por Gradient, orientada a entidades financeiras e operadores de pago. Evoluciona tecnoloxicamente para a súa explotación comercial como spin-off, facilitando a transición post-cuántica e a xestión segura, escalable e automatizada do ciclo de vida e migración de claves entre sistemas, con inventariado automático, integración áxil, despregamento en nube, cumprimento normativo e un enfoque internacional e innovador.



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo  
2027

12

PROXECTOS  
EN EXECUCIÓN



RUCSC

2ª EDICIÓN  
SANTIAGO

386.603 €

FUTURA **SPIN-OFF**

**Desenvolvemento e comercialización dunha tecnoloxía innovadora para a creación de terapias antitumorais** con mecanismo de acción distintivo fronte ás opcións terapéuticas actuais, co obxectivo de actuar selectivamente sobre as células nai canceríxenas.



TRAFFIKGENE


3ª EDICIÓN  
SANTIAGO

490.200 €

FUTURA **SPIN-OFF**

O obxectivo do proxecto TRAFFIKGENE é a creación dunha spin-off para a comercialización dunha **nova plataforma tecnolóxica que facilita o transporte de material xenético (ADN, ARN) e proteínas funcionais (CRISPR/Cas) para a súa aplicación en terapia xénica**. Esta nova e independente plataforma tecnolóxica presenta vantaxes competitivas clave comparado coas actuais alternativas de mercado: simplicidade na formulación, versatilidade para empregala en diferentes protocolos de transfección, maior eficiencia e reducida toxicidade.

**Recoñecementos:** Foi o primeiro proxecto galego seleccionado polo European Innovation Council para ser apoiado polo programa EIC TRANSITION cun financiamento de 2.5 millóns de euros.


FUNDACIÓN GALEGA  
DE INVESTIGACIÓN  
BIOMÉDICA INIBIC>> **CANTHER**3ª EDICIÓN  
A CORUÑA

576.500 €

Desenvolvemento dun fármaco dirixido contra a degradación de proteínas para o tratamento de metástase de carcinoma

**FUTURA SPIN-OFF**

O obxectivo do proxecto CANTHER é a **creación dunha spin-off para desenvolver, ata a proba de concepto clínica, un fármaco candidato destinado a terapias anti-metastáticas de colon**. A tecnoloxía está baseada nunha nova diana terapéuticamente relevante en oncoloxía (E3 ubiquitina-ligasa Hakai). O equipo promotor identificou compostos que inhiben esta diana e, como resultado, evitan que as células cancerosas experimenten unha transición que pode conducir á metástase e ter un impacto significativo na supervivencia en cancro.

FUNDACIÓN GALEGA  
DE INVESTIGACIÓN  
BIOMÉDICA INIBIC>> **TARGET-OA**4ª EDICIÓN  
A CORUÑA

607.000 €

**FUTURA SPIN-OFF**

O obxectivo xeral do proxecto é avanzar no desenvolvemento clínico dun **tratamento innovador para a artrose** baseado na administración de fenofibrato en microesferas de liberación prolongada mediante inxección intraarticular.



Universidade de Vigo

»» **EDGECONTINUUM** | 4ª EDICIÓN VIGO

»» **445.000 €**

Plataforma Edge distribuída altamente escalable

### FUTURA **SPIN-OFF**

Proxecto que aporta unha **solución tecnolóxica innovadora na área de edge computing** habilitando novos casos de uso da tecnoloxía 5G.




Universidade de Vigo

»» **SURFACORN** | 3ª EDICIÓN VIGO

»» **358.000 €**

### FUTURA **LICENZA**

O obxectivo do proxecto SURFACORN é levar ao mercado **dous extractos biosurfactantes (BS1 e BS2), extraídos dos licores de lavado de millo para a súa aplicación en distintos sectores industriais**. Estes extractos poden ser obtidos de forma secuencial desta corrente residual, para o seu uso na industria cosmética, farmacéutica e/ou agroquímica.



» **ECOBONE** | 3ª EDICIÓN  
SANTIAGO

» **290.000 €**

Implantes óseos avanzados mediante tecnoloxía supercrítica

### FUTURA **LICENZA**

O obxectivo do proxecto ECOBONE é a **validación técnica e comercial dunha tecnoloxía protexida por dereitos de propiedade intelectual para a preparación de implantes óseos sintéticos**, co fin de transferila á industria biomédica mediante un acordo de licenza.



» **FRONTIER** | 3ª EDICIÓN  
O PORRIÑO

» **249.394 €**

Fibra óptica recuberta de metal de alta estabilidade para o monitoreo distribuído de infraestrutura de alta temperatura

### FUTURA **LICENZA**

O proxecto FRONTIER permitirá a transferencia dunha **tecnoloxía de deposición de recubrimentos metálicos protectores sobre sensores distribuídos de fibra óptica**, moi demandado en aplicacións de alta temperatura en varias industrias, como a aeronáutica, enerxía, oil/gas.



» ECOFROST\_B | 4ª EDICIÓN  
A CORUÑA

» 433.000 €

FUTURA LICENZA

Proxecto que busca acelerar a comercialización dunha **innovadora tecnoloxía de refrixeración ecolóxica, baseada en materiais barocalóricos con emisións neutras de carbono**, que reduce as emisións, mellora a eficiencia enerxética e incrementa a seguridade no transporte e na instalación.



» GOTIS\_II | 4ª EDICIÓN  
SANTIAGO


» 395.000 €

Desarrollo de un tratamento para el ictus cerebral basado en la enzima recombinante GOT.

FUTURA LICENZA

O obxectivo do proxecto é desenvolver un novo fármaco con **efecto terapéutico e protector para a fase aguda do ictus**, baseado na administración dunha proteína recombinante. Para iso, preténdese desenvolver unha nova versión da proteína e producir un lote clínico para uso en humanos, que permita a súa posterior validación clínica e o establecemento dun acordo de licenza coa industria.



**PRETENACC****4ª EDICIÓN  
SANTIAGO****320.700 €****FUTURA LICENZA**

O proxecto ten como finalidade **desenvolver unha biotecnoloxía para producir biopolímeros (poli-hidroxialcanoatos, PHA)**, considerados bioplásticos, con propiedades similares aos plásticos de orixe petroquímica, pero biodegradables. Estes produciríanse a partir de residuos graxos mediante o uso de cultivos microbianos mixtos, co obxectivo da súa posterior licenza á industria.



UniversidadeVigo

**MYTUNISEX****4ª EDICIÓN  
VIGO****435.620 €**

Produción e Comercialización de Liñas de Mexillón Unisex de interese comercial para os sectores acuícola e conserveiro.

**FUTURA SPIN-OFF**

O proxecto MytUniSex propón o desenvolvemento e valorización dunha **metodoloxía innovadora de produción masiva de mexillón** mediante selección xenética asistida por análises moleculares. O obxectivo é obter liñas unisex con características comercialmente máis atractivas para os sectores acuícola e conserveiro, mellorando tanto a rendibilidade da produción como a competitividade do produto final. A transferencia ao mercado realizarase a través da creación dunha spin-off que comercialice directamente as sementes ás empresas do sector. O proxecto complétase co aproveitamento de subprodutos mediante técnicas culinarias de vangarda para a elaboración de produtos gourmet de alto valor engadido e nutricional, como o caviar de mexillón.

16

PROXECTOS  
**FINALIZADOS**



» ONCOMETA | 1ª EDICIÓN SANTIAGO

» 838.820 €

### CREACIÓN DUNHA **SPIN-OFF**



Libera Bio utiliza a plataforma patentada por MPN Technology® para avanzar significativamente na **utilización de biolóxicos médicos no tratamento personalizado do cancro**: a liberación de anticorpos monoclonais a nivel intracelular, en células tumorais e metastáticas, co obxectivo de tratar dianas ata o de agora inabordables desde o punto de vista farmacolóxico.



Universidade de Vigo


» XHS | 1ª EDICIÓN NIGRÁN

» 404.134 €

### CREACIÓN DUNHA **SPIN-OFF**



Alén Space é un **fabricante de nanosatélites de referencia en Europa e Latinoamérica**. Conta cun equipo altamente cualificado de expertos en nanosatélites, formado por enxeñeiros cunha ampla experiencia no desenvolvemento de CubeSats, tecnoloxías emerxentes e procesos baseados nos estándares europeos do sector.



Universidade de Vigo

» UBISMART

1ª EDICIÓN  
VIGO

» 469.700 €

CREACIÓN DUNHA **SPIN-OFF**



ANCORA

Ofrece unha **solución para aplicacións móbiles que permite a conexión directa con máquinas ou sistemas produtivos**, facilitando o intercambio de información.



USC  
UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

» MATPRINT


1ª EDICIÓN  
SANTIAGO

» 241.700 €

CREACIÓN DUNHA **SPIN-OFF**

**MATERIALES  
FUNCIONALES S.L.**

Este proxecto ten unha **tecnoloxía para a conformación de pezas cerámicas a través de impresión 3D** con utilidade para a comercialización de biocatalizadores e implantes para a rexeneración ósea.

gradient >> **FACEIDNN** | 1ª EDICIÓN  
VIGO **508.498 €**CREACIÓN DUNHA **SPIN-OFF**

Alice Biometrics é unha **solución de verificación de identidade automática para o proceso de embarque dixital e cumprimento de KYC/AML** (termos que se refiren a procesos que realizan as empresas para cumprir coa normativa antiblanqueo de capitais).

>> **INVERBIS** | 1ª EDICIÓN  
LUGO **361.217 €**CREACIÓN DUNHA **SPIN-OFF****inverbis.**

É unha plataforma que ofrece **ferramentas avanzadas de minería de procesos, permitindo que empresas de consultoría, certificación ou desenvolvemento de software**, entre outras, poidan incorporar esta tecnoloxía nas súas propostas de valor.



» INDEST


2ª EDICIÓN  
A CORUÑA

» 246.067 €

CREACIÓN DUNHA **SPIN-OFF**

**ARTIFICIAL  
INTELLIGENCE  
INDESTIA S.L.**

Indestia comercializa un **software baseado en técnicas de intelixencia artificial** que permite **determinar as mellores imaxes dun conxunto** desde unha perspectiva da calidade, o valor estético ou o impacto comercial.



» FLUOROTOOLS

2ª EDICIÓN  
SANTIAGO

» 427.000 €

CREACIÓN DUNHA **SPIN-OFF**



Celtarys diseña e produce **ferramentas químicas fluorescentes, moi sensibles e específicas**, empregando unha metodoloxía eficiente e respectuosa co medio ambiente, que permiten acelerar o descubrimento de fármacos.



XUNTA  
DE GALICIA



INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA  
SANTIAGO DE COMPOSTELA



**NANOEVERS**

2ª EDICIÓN  
SANTIAGO



**456.500 €**

CREACIÓN DUNHA **SPIN-OFF**

**DIVERSA**

DIVERSA Technologies S.L. ten como obxectivo a **comercialización de nanotecnoloxía para a liberación controlada de fármacos e biomoléculas terapéuticas**, co fin de favorecer o desenvolvemento de medicamentos avanzados e achegar solucións a necesidades médicas non cubertas.



Universidade de Vigo



**CELIA**

3ª EDICIÓN  
VIGO



**388.000 €**

CREACIÓN DUNHA **SPIN-OFF**



Serenia Solutions está centrada en ofrecer **solucións tecnolóxicas innovadoras baseadas nun asistente conversacional** para o coidado e benestar das persoas maiores.





gradient 

» **SENSE\_UAV** | 3ª EDICIÓN  
VIGO

» 447.906 €

CREACIÓN DUNHA **SPIN-OFF**



Está centrada na **análise de vídeo con intelixencia artificial** para lograr que as operacións con drons sexan máis eficientes e seguras.



Universidade de Vigo

» **BIOFAST** | 1ª EDICIÓN  
VIGO

» 247.120 €

ACORDO DE **LICENZA**



Esta tecnoloxía foi transferida á multinacional Ziacom para **comercializar un biomaterial obtido a partir de dentes de quenlla para a rexeneración ósea** desenvolvida polo Grupo de Novos Materiais da Universidade de Vigo.



Universidade de Vigo

» **AIDFORK** | 2ª EDICIÓN  
VIGO

» 336.060 €

### ACORDO DE LICENZA



A tecnoloxía Fawrensian do proxecto Aidfork, que permite a **detección automática de falsificación de imaxes**, está a ser utilizada xa, entre outras entidades, pola multinacional Jumio, líder mundial en verificación de identidade.



» **KIT-DITOBA** | 1ª EDICIÓN  
A CORUÑA

» 446.500 €

### CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS



É unha tecnoloxía da Fundación Galega de Investigación Biomédica (INIBIC) consistente nun **kit de diagnóstico específico de osteoartritis que proporciona un sistema de diagnóstico menos invasivo, máis barato e facilmente integrable na práctica clínica**, está a ser comercializada a través dun contrato de prestación de servizos cun grupo hospitalario privado nacional.

**gradient** **» ACE** | 4ª EDICIÓN  
VIGO **549.702 €**

Acute Advanced Cutaneous Evaluator

**SPIN-OFF**

O proxecto ACE, financiado pola Xunta de Galicia no marco do programa Ignicia e desenvolvido en Gradient, crea un sistema de intelixencia artificial para apoiar a toma de decisións clínicas no tratamento de feridas crónicas. A súa principal achega é **permitir ao persoal de enfermería e sanitarios non especializados actuar coa eficacia dun especialista**, democratizando o acceso ao coñecemento clínico avanzado e aliviando a presión sobre os recursos especializados. Como resultado, naceu **Kiur**, unha spin-off de Gradient que ofrece recomendacións de tratamento con explicabilidade clínica e validación científica, cun potencial de redución de custos de ata o **30 %**, mellorando ademais a calidade de vida de pacientes e coidadores.



gradient 

»» ITDP | 4ª EDICIÓN  
VIGO

€ 422.478 €

Tecnoloxía de Procesamento Intelixente de Documentos

**SPIN-OFF**

»» **Dokken**

O proxecto ItDP, financiado pola Xunta de Galicia a través do programa Ignicia (GAIN) e desenvolvido en Gradient desde 2023, crea tecnoloxía de intelixencia artificial para automatizar o procesamento de documentos empresariais. A súa principal fortaleza é a **capacidade de interpretar tanto texto como elementos gráficos –diagramas, debuxos técnicos e gráficos– dentro dos documentos**, reducindo o tempo de xestión documental en contornos industriais e de servizos. Como resultado, naceu **Dokken**, unha spin-off de Gradient especializada no procesamento intelixente de pedidos, facturas e albarás.



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo  
2027